



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes veciñais de Pontevedra, dictou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente)

VOCALIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)
D. Luis M^a Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)

**VOCALIS REPRESENTANTES DOS
LUGARES DE PORTELA, VALADO,
RAMORTA E CARRASQUEIRA,
CONCELLO DE BUEU**

Dna. Teresa Magdalena Rodríguez
Dna. María Cazorla Torrado

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día vinteito de abril do 2004, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación dos montes "*Borrallido e outros*" dos lugares de Porrela, Valado, Ramorta e Carrasqueira, do concello de Bueu.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito con data 30/04/96, D. Juan Barreiro Fernández en nome e representación da Xestora para a clasificación dos montes comunais da parroquia de Bueu, como presidente, solicitou a clasificación como veciñais en man común dos montes "*Borrallido e outros*" a favor dos lugares de Portela, Valado, Ramorta e Carrasqueira da parroquia de San Martiño de Bueu, concello de Bueu, provincia de Pontevedra.

SEGUNDO.- Con data 24 de outubro de 2000, a enxeñeira técnica forestal M;^a Jesús Taboada Moreno realiza informe previo sobre as parcelas obxecto de clasificación.

TERCEIRO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 29 de novembro de 2000 acorda incoar expediente de clasificación dos citados montes e nomear instructor a Teodoro Arribas Serrano así como a remisión do expediente ó Servizo de Montes para o seu estudio e informe.



Con data 13 de decembro de 2000 comunicouse o citado acordo ó solicitante e ó Concello de Bueu.

CUARTO.- Con data 11 de decembro de 2000 e 16 de abril de 2001, Juan Barreiro Fernández presenta dous escritos nos que manifesta a intención do concello de Bueu de realizar varios actos de disposición sobre os montes incluídos no expediente de clasificación, esixindo o cumprimento das obrigas contidas nos artigos 21 e 23 do Regulamento e desenvolvemento da Lei 13/89. Isto é contestado mediante escrito do Xurado de data 12 de xuño de 2001 no que se manifesta o cumprimento de tódolos trámites legalmente establecidos nesta fase do procedemento.

QUINTO.- Con data 18 de decembro de 2000 o enxeñeiro do Servicio de Montes Guillermo Vega Alonso emite informe solicitante aporte colindantes para poder elaborar o informe preceptivo. Solicítase colindantes á entidade promotora con data 5 de xaneiro de 2001.

Con data 9 de xullo de 2001 Juan Barreiro Fernández envía escrito no que expón que xa aportara toda a documentación na súa solicitude do ano 1996.

SEXTO.- Con data 5 de febreiro de 2002 emítese o informe preceptivo do Servicio de Montes, describíndose os montes da seguinte maneira:

CONCELLO: BUEU

LUGARES: PORTELA, VALADO, RAMORTA E CARRASQUEIRA

NOME DO MONTE: "Castiñeira"

Actualmente esta incluída dentro do polígono industrial non sendo posible precisar a súa localización.

NOME DO MONTE: "Borrallido"

Lindes:

Norte e Oeste: Camiño veciñal, monte do mesmo nome pertencente á parroquia de Beluso

Leste: Camiño

Sur: Concello de Cangas

Descrición: Poblada con pino e eucalipto e matorral de toxo e helecho

NOME DO MONTE: "Liboreiro"

Lindes:

Norte: Estrada de Beluso a Portela, propiedades particulares

Leste: Propiedades particulares

Sur: Límite municipal co concello de Cangas

Oeste: Propiedades particulares. Límite municipal co concello de Cangas

Colindantes:



Norte: Herdeiros de Antonio Costas, Herdeiros de Manuel Sampedro e outros
Leste: Vicenta garcía Rey, Herdeiros de Mercedes Barreiro Portela, Carmen Núñez e outros
Oeste: Finca Zapateira
Descrición: Poblada por monte bravo de pino e eucalipto con pouca densidade e matorral de toxo e helecho

NOME DO MONTE: "A Portela"

Lindes:

Norte, Sur e Leste: Propiedades particulares

Oeste: Camiño de servicio

Colindantes:

Norte: Herdeiros de Francisco Villanueva González, Maximino Montejano Molanes e Herdeiros de Benito Villar Lores

Leste: José Gestido e herdeiros de Benito Villar Lores

Sur: Domingo García Soliño, Maximino Montejano Molanes e outros

Oeste: Carmen Villar gestido e Celestino García García

Descrición: Poblada parcialmente por *Pinus pinaster*, resto matorral de toxo e helecho, atópase presenza de aproveitamentos de esquilmes

NOME DO MONTE: "Rozo ou Morouzos"

Lindes:

Norte: Propiedades particulares

Leste: Estrada Portela - Beluso

Sur: Camiño e propiedades particulares

Oeste: Estrada Portea-Beluso, camiño e propiedades particulares

Colindantes:

Norte: Alfredo González González, Herdeiros de Rmona Nores, Herdeiros de Vicente García e outros

Oeste: Juan Comesaña Estévez, Claudio Lamosa Novas e Herdeiros de Josefa ferradás Estévez

Servidumes: Camiños de servicio do vertedoiro

Descrición: Antigo vertedoiro selado e rodeado por cercado metálico. Pés dispersos de *P. Pinaster* e *Eucaliptus globulus*

NOME DO MONTE: "Pedra do Raposo"

Cabida: 10.710 M/2

Lindes:

Norte, Leste e Sur: Propiedades particulares muro por medio

Oeste: Camiño

Colindantes:

Norte: Gaspar Massó García e Carmen Caíño Iglesias

Leste: Dolores Freire Curra, Carmen Villar Garrido e outros

Sur: Esperanza Pousada Miranda, María Pousada Miranda e Herdeiros de Manuel Vázquez



Oeste: Jesús Malvido Mendiña, Herdeiros de Miguel Nogueira, Herdeiros de Emilio Piñeiro e outros

Descrición: Antigo vertedoiro selado e rodeado por cercado metálico. Pés dispersos de P. Pinaster e Eucaliptus globulus

NOME DO MONTE: “Patín”

Lindes:

Norte, Leste, Sur e Oeste: Propiedades particulares

Colindantes:

Norte: Emilio Pais Pazos, Dolores Estévez Lorenzo e outros

Leste: Carmen Villar Garrido, Vicente Malvido Santos e outros

Sur: Herdeiros de Mnuel Méndez, Herdeiros de Maximina Portela e José Costas Broullón

Oeste: Herdeiros de Manuel Corrales, Herdeiros de José Portela, Herdeiros de Antonio Lemos Martínez e Herdeiros de Urbano García Piñeiro

Descrición: Próxima á parcela anterior unida a ela por camiño. Poblada por E. Globulus e matoral de toxo e helecho

NOME DO MONTE: “Paralaxe”

Lindes:

Norte, Leste e Sur: Propiedades particulares muro por medio

Oeste: Camiño

Descrición: Poblada por Eucaliptus globulus

NOME DO MONTE: “Tomada pequena de Liboreiro”

Lindes:

Norte: Estrada Portela - Beluso

Leste, Sur e Oeste: Propiedades particulares

Descrición: Sobrante de camiño, con algúns pés de Acacia e E. globulus

NOME DO MONTE: “Castiñeiras do Sur”

Lindes:

Norte, Sur e Oeste: Propiedades particulares

Leste: Entrada Portela - Beluso

Descrición: Ocupada por particular. Rasa con algúns brotes de Acacia e E. globulus

NOME DO MONTE: “Devesa”

Descrición: Ocupada por rotonda no parque empresarial

NOME DO MONTE: “Castiñeira”

Descrición: Ocupada por parque industrial, non foi posible a súa localización

NOME DO MONTE: “Morouzas Pequeno”

Descrición: Ocupada por parque industrial, non foi posible a súa localización.



NOME DO MONTE: “Tomada pequena da Portela”

Lindes:

Norte, Sur e Leste: Propiedades particulares muro por medio

Oeste: Camiño

Descrición: Poblada por matorral

NOME DO MONTE: “Serra da Portela”

Descrición: Ocupada por colindantes, non foi posible a súa localización

NOME DO MONTE: “Almaecho”

Descrición: Non foi posible a súa localización

NOME DO MONTE: “Casaldie”

Lindes:

Norte, Leste e Sur: Propiedades particulares

Oeste: Estrada Bueu- Cangas

Descrición: Sobrante de camiño, drenaje natural raso

NOME DO MONTE: “Cacharela”

Lindes:

Norte e Leste: Camiño

Sur e Oeste: Propiedades particulares

Descrición: Prado

NOME DO MONTE: “Esquina de Riba”

Lindes:

Norte, Sur, Leste e Oeste: Camiño

Servidumes: Mina de auga

Descrición: Cruce de camiños

NOME DO MONTE: “Chans”

Lindes:

Norte, Leste e Oeste: Propiedades particulares

Sur: Camiño

Descrición: Poblada con E. Globulus e matorral de toxo e helecho

NOME DO MONTE: “Rabalongo”

Lindes:

Norte, Leste e Sur: Camiño

Oeste: Roquedo e propiedades articulares, muro por medio

Servidumes: Atravesada por camiño

Descrición: Poblada por matorral de retama e toxo

NOME DO MONTE: “Pozos do Bispo”

Lindes:

Norte, Leste e Oeste: Camiño



Sur: Propiedades particulares
Servidumes: Pozos de auga
Descrición: Poblada con matorral

NOME DO MONTE: “Cuchiño”

Descrición: Ocupada por colindantes, non foi posible a súa localización

NOME DO MONTE: “Outeiro do Raposo”

Lindes:

Norte e Oeste: Camiño

Leste e Sur: Propiedades particulares

Descrición: Sobrante de camiño

NOME DO MONTE: “Esquina do Pazo”

Descrición: Antigo vertedoiro selado e rodeado por cercado metálico. Pés dispersos de P. Pinaster e Eucaliptus globulus

NOME DO MONTE: “Sotuelo”

Descrición: Non está referenciada no plano xeral de situación, polo que non foi posible a súa localización

NOME DO MONTE: “Santo Reis”

Descrición: Non está referenciada no plano xeral de situación, polo que non foi posible a súa localización. Na certificación do concello de Bueu, aportada como documentación, figura como ben adquirido polo concello e ocupado polo atrio da capela de Santos Reis

NOME DO MONTE: “Cabaleiros de Riba”

Lindes:

Norte e Oeste: Propiedades particulares

Leste e Sur: Camiño

Colindantes:

Norte: Antonio Barros González

Oeste: Rosa Cortizo Cerviño

Descrición: Poblada por pés aillados de E. Globulus e matorral

NOME DO MONTE: “Cabaleiros de Baixo”

Lindes:

Norte e Leste: Camiño

Sur e Oeste: Propiedades particulares

Descrición: Poblada por pés aillados de E. Globulus e matorral

NOME DO MONTE: “Esquina de Cabaleiros de Baixo”

Lindes:

Norte e Oeste: Camiño

Leste e Sur: Propiedades particulares



Descrición: Ocupada por camiño público e vertedoiro non controlado. Matorral de retama.

SETIMO.- Con data 10 de abril de 2002 solícitase ó Rexistrador da Propiedade de Cangas certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión en cumprimento do establecido no artigo 21 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei de Montes Veciñais en Man Común. Reiterando a petición con data 4 de xuño de 2002, certificación que foi recibida con data 5 de agosto de 2002.

OITAVO.- O Xurado Provincial de Montes en reunión que tivo lugar o día 3 de abril de 2002 acorda nomear instructor a Manuel Francisco Gutiérrez, comunicándollo ós interesados e ó concello con data 3 de maio de 2002.

NOVENO.- Con data 31 de maio de 2002 a vicepresidenta da comisión Xestora de San Martiño de Bueu solicita se lle informe sobre o estado da tramitación do expediente de clasificación e se lle confirme a realización da anotación preventiva, cumprimentándose pola Secretaria do Xurado esta petición con data 23 de outubro de 2002.

Por outra banda con data 18 de setembro de 2002 D. Juan Lago Pérez en nome e representación das entidades Promociones y Maderas Lago Rey, S.L. e Tiempo Libre y Ocio 2000, S.L. solicita téñase por personado no expediente de clasificación.

DECIMO.- Con data 14 de outubro de 2002 ábrese un período dun mes para a práctica de alegacións comunicándollo ó Alcalde do concello de Bueu, ós interesados, e ó Servicio de Montes. Publícase edicto no DOG nº 217 de 11 de novembro de 2002, enviando copia do edicto ó Concello para a súa publicación e fixación nos lugares de costume de núcleo veciñal. Con data 18 de decembro de 2002 recíbese escrito do concello no que manifesta a exposición do citado edicto.

Asimesmo comunícaselle ó Rexistrador da Propiedade de Cangas solicitando a práctica da anotación preventiva, cumprimentandoa con data 22 de novembro de 2002. Con data 29 de xaneiro de 2003 solícitase novamente anotación preventiva recibíndose notificación de calificación negativa con data 14 de abril de 2003.

DECIMO PRIMEIRO.- Perante a tramitación do expediente presentáronse as seguintes alegacións:

- Escrito de D. Juan Barreiro Fernández de data 10 de decembro de 2002 mediante o que concreta os propietarios colidantes e fai manifestacións en canto a que a hora de clasificar hai que ter en conta os límites tradicionais das parroquias e non os municipais.
- Escrito da Mancomunidad de Xuntas de Montes Veciñais en Man Común do Morrazo de data 10 de decembro de 2002 instando a desestimar as alegacións pretendidas polo alcalde de Bueu e fai manifestacións en canto a parcela "Santos Reis".



- Escrito da Organización Galega de Comunidades de Montes de data 10 de decembro de 2002 no que solicita persoarse no expediente de clasificación e fai alegacións en contra do manifestado polo Concello de Bueu.
- Escrito de D. Juan Lago Pérez de data 12 de xaneiro de 2003 en representación das entidades mercantiles Promociones y Maderas Lago Rey, S.L. e Tiempo Libre y Ocio, 2000 S.L. presenta alegacións e documentación en orde a que se desestime a solicitude formulada polos promoventes do expediente de clasificación.
- Escrito de D. Juan Lago Pérez en representación das entidades arriba indicadas de data 28 de xaneiro de 2003 remitindo copia compulsada da sentenza recaída no procedemento ordinaria 152/01-R do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra.
- Escrito de D. Juan Barreiro Fernández de data 12 de febreiro de 2003 no que solicita a continuación do expediente de clasificación manifestando a súa oposición as alegacións de D. Juan Lago Pérez.

DECIMO SEGUNDO.- Con data 14 de abril de 2003 remítese polo Xurado ó instructor o expediente para a elaboración da proposta de resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de vecinos”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.



Terceiro.- Coa solicitude non se acompañou copia de documentos onde se podería constatar que en tempos máis ou menos antigos, os referidos montes tiveron un uso comunal, aínda que tales probas non se consideran suficientes tendo en conta a evolución lexislativa deste tipo de propiedade característica do dereito civil de Galicia, recoñecéndosele o carácter de “imprescriptibilidade” a partir da Compilación Foral de Galicia de 1963, sendo este dato fundamental na interpretación do artigo primeiro da Lei 13/1989 onde se definen os montes veciñais en man común, por dous elementos característicos que son a súa pertenza a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cuotas polos veciños.

Esta segunda característica dos montes veciñais, como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

Cuarto.- A entidade promotora do expediente non achegou proba suficiente para acreditar a existencia do uso comunal durante as últimas décadas, polo que témonos que basear nos informes emitidos polo Servicio de Montes.

Quinto.- Que sólo parcialmente poden ser admitidos os criterios dos comparecentes, han de ser clasificados como veciñais en man común aqueles en que concorran o aproveitamento comunal consuetudinario e non poden ser clasificados aqueles outros utilizados para fins distintos e incompatibles co uso comunal do vecindario.

Deben ser excluídas da clasificación todas aquelas parcelas que non teñen un uso común por estar destinadas a canteiras, instalacións deportivas, colexios, camiños, parques industriais, etc.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

NON CLASIFICAR por non acreditarse a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños en forma mancomunada as parcelas seguintes: Cabaleiros de Riba, Devesa, Tomada Pequena da Portela, Almaccho, Casaldie, Esquina de Riba, Esquina do Pazo, Soutelo, Esquina Cabaleiros de Abaixo, Serra da Portela, Cuchiño, Outeiro do Raposo, Cabaleiros de Abaixo, Castiñeira, Castiñeira do Sur e Morouzos Pequeno, Borrallido, Liboreiro, Pedra do Raposo, Patin , Rozo e Morouzos, Paralaxe, Tomada Pequena de Liboreiro, Cacharela, Chans, Rabo Longo e Pozos do Bispo.




CLASIFICAR a parcela “A Portela” coa descripción reflectida no feito sexto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución na que resulta que dita parcela ten unha superficie de 28.000 m/2.

Respecto a parcela “Santos Rei” non foi posible a súa localización. Na certificación do concello de Bueu figura como ben adquirido polo concello e ocupado polo atrio da capela de Santos Reis.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.





TRABALLO : PLANO DE CLASIFICACIÓN



C.M.V.M.C. DE PORTELA, VALADO, RAMORTA E CARRASQUEIRA.

MONTE "A PORTELA". SUP. APROX.= 28.000 m²

DATA : MAIO-2.004

ESCALA : 1/10.000

AUTOR : TOPOGRAFIA

Nº DA FOLLA :

223-22

CONCELLO : BUEU PARROQUIA : SAN MARTIÑO

COMUNIDADE : PORTELA, VALADO, RAMORTA E CARRASQUEIRA.

MONTE : A PORTELA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE
SERVICIO DE MONTES-DELEGACION DE PONTEVEDRA